



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CELEBRADA EN DATA 27 DE DECEMBRO DE 2012

#### ASISTENTES:

##### PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)

##### CONCELLEIROS /AS

D. MANUEL PAVÓN LÓPEZ (PP)  
D<sup>a</sup> MERCEDES JOSEFINA GONZÁLEZ ALONSO (PP)  
D<sup>a</sup> MARÍA TERESA LÓPEZ REGO (PP)  
D. PEDRO JOSÉ FERNÁNDEZ MANÍN (PP)  
D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PS de G-PSOE)  
D<sup>a</sup> ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE (PS de G-PSOE)  
D. ENRIQUE COTARELO GARCÍA (PS de G-PSOE)  
D<sup>a</sup> ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (PS de G-PSOE)  
D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)  
D<sup>a</sup> ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)  
D<sup>a</sup> MARÍA DE LOS ANGELES VEIGA VARELA (UNIFOZ)  
D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

##### INTERVENTOR

D. LUÍS RAMÓN VÁZQUEZ PARGA

##### SECRETARIO

D. VICENTE PASTOR MARTÍNEZ

\*\*\*\*\*

No salón de plenos do concello de Foz, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil doce, reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno deste concello, baixo a presidencia do señor alcalde titular don Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados/as ao marxe, actúa de interventor o habilitado estatal Luís Ramón Vázquez Parga, e actúa de secretario o habilitado estatal Vicente Pastor Martínez que da fe do acto.-

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (os trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación), o señor alcalde declara aberto o acto e, seguidamente, éntrase no despacho dos asuntos incorporados á orde do día, cursado xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:-

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: ORDINARIA DE DATA 29 DE NOVIEMBRE DE 2012 E EXTRAORDINARIA DATA 13 DE DECEMBRO DE 2012.-** Por unanimidade dos trece señores/as concelleiros/as asistentes acórdase prestar aprobación ás actas das sesións anteriores: ordinaria de data 29 de novembro de 2012 e, extraordinaria de data 13 de decembro de 2012, en todos os seus extremos e nos seus propios termos, agás as seguintes puntualizacións respecto desta última, así:

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 13 DE DECEMBRO DE 2013**

O Voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, **JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO**, manifesta

**Onde di:**

*O Voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE) intervén dicindo que estarían de acordo xa que non é unha mala proposición, pero xa que estamos a unha semana do vindeiro Pleno ordinario temos que ter a garantía de Augas de*

*Galicia de que así o faga, esperemos á próxima sesión do pleno sempre que se garanta por AUGAS DE GALICIA de que se pode eliminar ese punto de vertido.-*

**Matiza e debe dicir:**

*O Voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE) intervén dicindo que estarían de acordo xa que non é unha mala proposición, sempre que se acheguen os informes técnicos e exista acordo cos veciños, pero xa que estamos a unha semana do vindeiro Pleno ordinario temos que ter a garantía de Augas de Galicia de que así o faga, esperemos á próxima sesión do pleno sempre que se garanta por AUGAS DE GALICIA de que se pode eliminar ese punto de vertido.-*

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA, manifesta

**Onde di:**

*Segundo resolver problemas estruturais, somos responsables do urbanismo, houbo un desmadre urbanístico terrible, se estivesen todas as vivendas ocupadas entón si que saltaría polos aires a depuradora.-*

*O Conselleiro estivo catro anos en Medio Ambiente e agora di que hai que resolvelo, agora sae o problema e di que non está no punto de vertido senón na separación de augas residuais das pluviais. Isto si que é un problema aparten e separen as augas pluviais.-*

*...///...///...///...///...///*

*Facultar ao señor alcalde é o que pide na súa proposta, pero dicimos non o pleno é soberano e se o pleno decide unha cousa esa será a que é e o que o alcalde ten que cumprir.-*

**Matiza que debe dicir:**

*Segundo resolver problemas estruturais, (entendendo estes por separación de augas residuais fecais das de pluviais) somos responsables do urbanismo, houbo un desmadre urbanístico terrible, se estivesen todas as vivendas ocupadas entón si que saltaría polos aires a depuradora.-*

*O Conselleiro estivo catro anos en Medio Ambiente (matiza que era naquel intre, é dicir, cando estaba entonces) e agora di que hai que resolvelo, agora sae o problema e di que non está no punto de vertido senón na separación de augas residuais das pluviais. Isto si que é un problema aparten e separen as augas pluviais.-*

*...///...///...///...///...///*

*Facultar ao señor alcalde é o que pide na súa proposta, pero dicimos non (xa que existen dúas propostas claras de dous grupos políticos municipais que son a de ampliar a depuradora de Foz e instalar unha nova en Forxán) o pleno que é soberano, e se o pleno decide unha cousa, esa será a que o alcalde ten que cumprir.-*



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

**2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.**- Aos efectos previstos no regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións e decretos da alcaldía desde o último pleno ordinario, que foron postas/os de manifesto á secretaría, quedando informados do seu contido os trece señores/as concelleiros/as asistentes.

**3.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ACADADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO.**- Aos efectos previstos no regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ao Pleno da corporación da acta da sesión ordinaria de data 13/12/2012, celebrada pola Xunta de Goberno Local desde a última sesión ordinaria de Pleno, quedando informados do seu contido os trece señores/as concelleiros/as asistentes.

**4.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ (R.E. N° 20121217/6383) SOBRE SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DA ELABORACIÓN E SINATURA DE CONVENIO PARA A INSTALACIÓN DE CANALIZACIÓN DE AUGAS PLUVIAIS NAS RÚAS ÁLVARO CUNQUEIRO E IRMANDIÑOS.**- Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Atendida a moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro **D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)**, co tenor seguinte:*

*“**SR. ALCALDE,***

*Jaime Cancio Rodríguez, Ana M<sup>a</sup> López Campoamor, M<sup>a</sup> Angeles Veiga Varela en representación do grupo municipal UNIFOZ na Corporación Municipal que Vostede preside e no seu nome o seu portavoz Jaime Cancio Rodríguez, presenta a seguinte **MOCIÓN:***

*Que a EDAR de Foz, como xa é coñecido por toda a Corporación ten graves dificultades de funcionamento, algo que segundo os técnicos é debido á súa falta de capacidade para tratar o caudal que chega a mesma.*

*Que por parte do anterior goberno municipal, fíxose unha aposta importante por facer canalizacións para separar as augas pluviais e residuais, algo imprescindible para mellorar o funcionamento da actual EDAR.*

*Por todo o exposto UNIFOZ, presenta esta **MOCIÓN**, para solicitar acordo da Corporación, de pedir á **XUNTA DE GALICIA-CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**, a elaboración e sinatura de convenio para a instalación de canalización de augas pluviais nas Rúas Álvaro Cunqueiro e Irmandiños”.*

*No debate prodúcense as seguintes intervencións:*

*O concelleiro **D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)** propón unha emenda á súa moción no senso de incluír nesta non só ás rúas Álvaro Cunqueiro e Irmandiños, senón engadir as rúas Salvador de Madariaga e Curros Enríquez, motivado por tratarse dunha obra prioritaria que evitaría enviar augas de pluviais á depuradora, propoñendo o convenio coa Xunta de Galicia porque a Deputación Provincial de Lugo xa fixo a súa contribución na avenida da Mariña.-*

*O concelleiro don **D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE)** manifesta o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción e emenda.-*

*No mesmo senso pronúnciase o concelleiro **D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG).**-*

*Pola súa banda o señor alcalde don **D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)** manifesta o sentido de voto do seu grupo na abstención ata a sesión plenaria.-*

*Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta contida na moción a votación ordinaria co resultado seguinte:*

- *votos favorables cinco, dous dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dous dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-*
- *votos en contra, ningún.-*
- *abstencións dúas dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ (R.E. Nº 20121217/6383) SOBRE SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DA ELABORACIÓN E SINATURA DE CONVENIO PARA A INSTALACIÓN DE CANALIZACIÓN DE AUGAS PLUVIAIS NAS RÚAS ÁLVARO CUNQUEIRO E IRMANDIÑOS, Á QUE SE ENGADE A RÚA SALVADOR DE MADARIAGA E CURROS ENRÍQUEZ”.-***

Seguidamente, o señor alcalde-presidente ordena entrar no debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, defende a moción presentada e manifesta que lle preocupa da resolución que se acade que o equipo de goberno tramite a solicitude do acordo de separación de pluviais, para que ese acordo non sexa papel mollado e vexa os froitos, é dicir, que non quede sen tramitar coma moitos outros que se ten acordado e despois non se tramita.-

O Voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, **JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO**, manifesta que se pronunciarán a favor.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifesta que está a favor dentro da liña que sempre defendeu o BNG de separación de augas residuais de augas pluviais, lástima da planificación urbanística que constase con esa separación e agora non teríamos os problemas que estamos a ter, e unímonos tamén á moción do grupo UNIFOZ e do señor Conselleiro Agustín Hernández que sempre defendeu a separación de augas residuais das pluviais vinda que vostede non lle fai moito caso.-

O alcalde-presidente, **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, manifesta que van a votar a favor evidentemente, sempre votaremos a favor dentro das que sexan obras para o pobo. Eso é positivo e calquera obra que se desenvolva no noso pobo, é o noso apoio para a moción, pero no choca que veña hoxe esta moción, xa que sona a cortina de fume xa que cando nos piden os deberes desde a Consellería de Medio Ambiente, cando nos piden que demos o primeiro paso para arranxar o tema da depuración e se está a bloquear por parte da oposición, paréceme que é un globo sonda, de todos xeitos non nos imos a opoñer. Pídlle non obstante responsabilidade. Tampouco entendemos a que se refire polo de convenio, non sei que é o que se entende como convenio.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, di que cortina de fume ningunha, traemos unha proposta que nos parece construtiva, interesante, imprescindible para Foz, é perfectamente compatible con calquera opinión sobre a EDAR. Os técnicos din que un dos camiños é ese. Cada litro de auga de pluvial estamos a gastar diñeiro, é máis barato separar porque non custa diñeiro. Convenio por exemplo póñolle o que fixo o concello de Foz para facer a obra da avenida da Mariña. Cando



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

falamos de responsabilidade, falase de acordos acadados por unanimidade desta corporación que ao día de hoxe non viron a luz, hai pasotismo polo grupo de goberno ou falta de xestión.-

O Voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, **JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO**, intervéñ dicindo: creemos que é unha obra importante que pode servir para sacar ese caudal que chega á depuradora que é necesario seguir traballando para eso antes de construír a EDAR, unha obra que pode tardar catro ou cinco anos.

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifesta estar a favor.-

O alcalde-presidente, **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, intervéñ dicindo a UNIFOZ que eses acordos apoiounos o PP a vostedes e foron as comunicacións a todos os Organismos. Pídense as cousas coas prioridades que teñen pedíndoas e apoiándoas sempre, non bloquear todo o que fai o PP.

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, e por unanimidade dos trece señores/as concelleiros/as asistentes, queda proclamado o seguinte **ACORDO**:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 20/12/2012 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

**5.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ (R.E. Nº 20121217/6384) PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA E DEPUTACIÓN PROVINCIAL A ELABORACIÓN E SINATURA DE CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.-** Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Atendida a moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro **D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)**, no senso de que o actual plan de emprego municipal remata a finais de ano e deberíase dar continuidade no próximo ano 2013, non habendo fondos propios deberíase facer co financiamento da deputación ou comunidade autónoma, o tenor da moción é o seguinte:*

*“**SR. ALCALDE,***

*Jaime Cancio Rodríguez, Ana M<sup>a</sup> López Campoamor, M<sup>a</sup> Angeles Veiga Varela en representación do grupo municipal UNIFOZ na Corporación Municipal que Vostede preside e no seu nome o seu portavoz Jaime Cancio Rodríguez, presenta a seguinte **MOCIÓN**:*

*Que a situación de desemprego estase a converter no principal problema dos nosos veciños, non so pola situación económica que iso supón para as familias, senón pola situación social.*

*O Concello como Administración máis preto aos cidadáns ten que seguir traballando en fórmulas para tentar de amortecer esta situación con políticas activas de emprego.*

*Que no presente ano, fíxose un Plan de Emprego escaso e sen responder a obxectivos concretos, nin a proxectos determinados, sendo pois o mesmo de limitada utilidade.*

*Que é necesario a realización dun **PLAN DE EMPREGO** para servizos municipais de un ano de duración, con contratos de seis meses, para fortalecer os servizos municipais, de forma especial durante o verán, e no que se contemple tamén formación.*

*Por todo o exposto UNIFOZ, presenta esta MOCIÓN, para solicitar acordo da Corporación, de pedir á Xunta de GALICIA e DEPUTACIÓN PROVINCIAL a elaboración e sinatura de convenio para a REALIZACIÓN DUN PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL”.*

*No debate prodúcense as seguintes intervencións:*

*O concelleiro don D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE) manifesta o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*No mesmo senso pronúnciase o concelleiro D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG).-*

*Pola súa banda o señor alcalde don D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP) manifesta o sentido de voto do seu grupo na abstención ata a sesión plenaria.-*

*Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta contida na moción a votación ordinaria co resultado seguinte:*

- votos favorables cinco, dous dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dous dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-*
- votos en contra, ningún.-*
- abstencións dúas dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ (R.E. Nº 20121217/6384) PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA E DEPUTACIÓN PROVINCIAL A ELABORACIÓN E SINATURA DE CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL”.-***

Seguidamente, o señor alcalde-presidente ordena entrar no debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, defende a moción presentada e intervén dicindo que se fala do plan de emprego de Foz pactando que as bases ían ser aprobadas polo Pleno, que non o fixo. Desenvolveuse con vinte e catro persoas mais e a fonte do *XOYMA*, no centro do pobo, estivo sen limpar. Debe fortalecer servizos, salvo que queira deixar os servizos deficitarios. Reservar prazas con titulación, reservar para discapacitados, pero non o fixo. Son necesarios mais esforzos que o desenvolvemento dun obradoiro de emprego, mais esforzos que un plan de cooperación, e o problema e mais grave cada día que pasa.-

O Voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, **JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO**, intervén dicindo que estivemos do lado da xente que máis sofre, neste caso do lado de desempregados e que teñen en conta as situacións dramáticas, sensibles a estas problemáticas, e que imos votar a favor dada a situación que se atopan as xentes que o precisan.-

O voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, intervén dicindo que segundo unha nota que tiña en febreiro de 2010 propoñíase un plan de emprego a longo prazo con bolsas de emprego. Todos estabamos de acordo. Plantexabamos un programa de varios empregos cunhas características especiais, crear un viveiro de empresas, etc. O que hai que cambiar son as políticas de emprego, cambiar as políticas estatais e autonómicas de emprego que son os que realmente teñen competencia en política de emprego. Apoio a sectores importantes do país, agrario,. Industrial, etc que son os que crean emprego, reforma fiscal progresiva. Agora ben, non podemos estar en desacordo coa moción de UNIFOZ, pero deberíamos coordinalo e



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

concretalo nun plan de emprego duradeiro, ata o 2014, pero mais ambiciosos que o que incluso propón UNIFOZ.

O señor alcalde-presidente, **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, intervén dicindo que xa falamos varias veces, a posición é clara do PP. Emprego estable, pero neste momento no concello é imposible afrontar economicamente un plan de emprego a raíz de non aprobar o plan de axuste a provedores que ese sí é crear emprego. Conseguiuse o obradoiro, o resultado do plan de emprego foi positivo pero para o concello todo segue igual, acabáronse os cento vinte mil euros e todo sigue igual. A solución pasa porque hai que apoiar ao sector privado, creador de emprego. Plan de cooperación, Obradoiro e na situación económica actual o concello non pode permitirse ese tipo de gasto porque carece de plan de axuste. As ferramentas de plan de cooperación Xunta de Galicia, obradoiro de emprego, si que resultan, sen embargo como exemplo negativo vexamos o que nos deixaron en traballo o Plan Lugo Emprega máis o Plan E co ditame en contra do Tribunal de Contas que non serviu para nada e non se creou emprego.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, intervén dicindo que cree que non di o Consello de Contas que non vale para nada, di que non serviu para crear emprego, pero non que non valeu para nada. Non vai servir para crear emprego estable pero si para amortecer a situación económica da situación de desemprego. O que propoñemos e un plan de emprego sen facturas para cubrir necesidades do concello. Propoñemos un plan de seis meses e que se prolongase por un ano.-

O Voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, **JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO**, intervén dicindo que van apoiar este plan de emprego e que debe ser máis ambicioso coa proposta conxunta con UNIFOZ, como un viveiro de empresas. O que serve o planE serviu para o que serviu e non como o que está a facer o PP de entregar 20 mil millóns de euros á banca, con peche de oficinas. Parece que esas son as medidas que funcionan.-

O voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, intervén dicindo que o emprego tamén o crea a administración pública e non nos poden dar leccións de creación de emprego, xa que duplicamos o paro nos dous anos que levan no goberno estamos nun vinte por cento de paro.

O señor alcalde-presidente, **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, intervén dicindo que o goberno de Aznar creou máis de 800 mil empregos e se vai facer agora con este goberno do PP. Zapatero non é ningún exemplo de máquina de crear emprego Doutra banda ver a legalidade ou non do que é un Plan de Emprego e podemos facer que o digan os técnicos se é legal ou non un plan de emprego.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, e por unanimidade dos trece señores/as concelleiros/as asistentes, queda proclamado o seguinte **ACORDO**:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 20/12/2012 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.**

**6.- PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA SOBRE DECISIÓN DEFINITIVA INSTALACIÓN DA EDAR DE FOZ.**- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Atendido o estado procedimental do expediente, despois de ver o acordo acadado polo Pleno deste concello na súa sesión extraordinaria celebrada en data 13/12/2012.-*

*Despois de ver, a proposición da alcaldía coa emenda introducida na devandita sesión extraordinaria do pleno co seguinte contido:*

**“PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA**

*É obxectivo prioritario por parte desta Alcaldía dar solución a uns dos maiores problemas que ten o concello de Foz actualmente, que é o deficiente servizo de depuración no núcleo urbano e barrios dos arredores.*

*Dende o ano 2008 xa se tiña constancia destas deficiencias provocadas principalmente pola falta de capacidade da actual EDAR de Foz, pola súa incorrecta instalación no interior do núcleo residencial máis poboado da localidade e dentro da zona de afección máis activa do concello.*

*Ademais, as filtracións de auga mariña influenciada pola suba das mareas que na preamar queda practicamente na mesma cota que os pozos de entrada da EDAR, e mesmo o sistema de depósitos reactores cerrados que prexudican o proceso, está a provocar unha situación de cheiros e vertidos á ría insostible para os veciños e para os intereses xerais do propio Concello.*

*Pero se non é suficientemente grave as molestias aos veciños e o prexuízo económico á hostalería, comercio local e sector turístico, que queda suficientemente claro no dictame da Mesa local do comercio, reunida especificamente para o caso, súmase o gravísimo problema ecolóxico e medio ambiental que provocan os vertidos á ría de Foz e a falla de emisario.*

*O entorno afectado por estes vertidos aínda fai máis urxente o apremo de dar unha solución urxente a dito problema.*

*Na ría de “Foz - Masma”, dentro de rede Natura clasificada como humidal mariño e costeiro, declarado tamén zona LIC's como zona de especial protección de valores naturais, e como zona ZEPA de especial protección de aves, con varios bancos marisqueiros no seu interior e na que se instala a praia da Rapadoira cualificada coma unha das mellores praias de Galicia galardoada 25 anos seguidos coa bandeira azul.*

*A gravidade da situación xa foi informada por varios entes, autonómicos, nacionais e Europeos que están instando á Corporación local a que colabore co ente promotor, Augas de Galicia, decídese a solucionar o problema cunha nova EDAR, unha vez o Concello resolva a nova instalación.*

*Xa no ano 2008 este ente elaborou un anteproxecto, que contemplaba unha nova EDAR no lugar de Forxán, mantendo a actual de Foz, o cal solucionaba unha parte do problema que era da súa capacidade, pero non así o das molestias, e vertidos na ría de Foz, e foi rexeitado pola Corporación.-*

*A nova proposición que fai o Actual Alcalde, co respaldo de Augas de Galicia, vai máis aló, suprimiría a EDAR de Foz, e con elo o punto de vertido na ría de Foz, deixando unicamente a instalación como bombeo e pozo de tormentas, e instalaría unha nova EDAR en Sarrido .*

*A decisión de facelo en Sarrido e non na noutra opción viable, como podía ser Forxán parte desta Alcaldía, despois de que tras múltiples encontros cos voceiros dos grupos municipais, informes, preguntas aos técnicos; que chegaron incluso a persoarse en algunha das reunións, decidiuse que era responsabilidade única do Alcalde tomar esa decisión.*

*Facer mención tamén nesta exposición de motivos, a que dende a xunta de voceiros pediuse aos técnicos que valorasen unha alternativa máis, que era a posible ampliación da actual EDAR de Foz.*





## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

*Dita opción que, aínda que era viable constructivamente a pesar de afectar a outras infraestruturas municipais como a nave de obras e os xardíns da piscina municipal, foi descartada polo Alcalde, porque ademais de estar penalizada pola súa gran afección ás persoas e á actividade empresarial e, unha vez que Portos de Galicia titular dos terreos, descartou dita posibilidade de ampliación, por ser incompatible cos novos usos previstos.*

*O grupo de Goberno propón a instalación de Sarrido por ser a máis illada e que menos afección ás persoas e ao sector económico e productivo xera, por ser a mellor puntuada neste senso polo informe técnico de Augas de Galicia no punto 4, pax. 64 cando conclúe que “la mejor alternativa es la Alternativa 4, que considera el funcionamiento de una única alternativa en el lugar de Sarrido” e no punto 5 do Anexo na pax. 26 nun sentido parecido.º*

*Por todo isto, propoño ao pleno da corporación que acade o seguinte:*

### **ACORDO:**

***1º- Facultar e apoiar ao Alcalde a realizar as xestións necesarias coa Xunta de Galicia, mais concretamente co organismo autónomo AUGAS DE GALICIA, para iniciar o proceso de eliminación da EDAR do núcleo urbano de Foz, e con elo solucionar definitivamente o problema de cheiros e vertidos na ría.-***

***2º- Facultar e apoiar ao Alcalde para que inicie as xestións para a adquisición dos novos terreos en Sarrido, de acordo á instalación especificada no estudo de alternativas de AUGAS DE GALICIA.-***

***3º- Instar á Xunta de Galicia a que inicie o anteproxecto contemplando a instalación da EDAR en Sarrido correspondente á opción 4 do estudo de alternativas.-***

***4º Instar a Augas de Galicia a que elimine a actual depuradora de Fazouro, que esta sexa un punto de bombeo e que vertan na nova en Sarrido con esta condición, non se admitiría polo grupo de goberno sen eliminar a depuradora de Fazouro.-***

*O señor alcalde defende a súa proposición nos termos do pleno extraordinario de data 13 de decembro pasado, engadindo que nese pleno comprometeuse a elevar novamente a proposición na sesión ordinaria correspondente ao mes de decembro, para o que se interesa a esta comisión que ditamine a mesma coa emenda introducida.-*

*O concelleiro don D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE) manifesta o sentido de voto do seu grupo desfavorable á aprobación do contido da proposición, motivándoo, tal e como queda reflectido na intervención do seu grupo no último pleno celebrado, en que para poder aprobala deberase requirir os informes que xa se solicitaron e que deberan manifestar estes a viabilidade da ampliación da actual EDAR e deberase contar co pronunciamento favorable dos veciños de Fazouro, cousa que non consta que se fixera polo señor alcalde.-*

*O concelleiro D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ) así mesmo, amosa o sentido de voto do seu grupo desfavorable á aprobación do contido da proposición, pronunciándose a favor de tomar as medidas necesarias, sen perda de tempo, para separar as augas de pluviais coa finalidade dun mellor funcionamento da actuais depuradoras que se atopan en vida útil, incidindo en que o resultado desta actuación sería mais económica e con menor custo para os usuarios. A vista do actual debate propoñolle ao señor alcalde que non a someta ao pleno dado o resultado final que se adiviña.-*

*Pronúnciase o concelleiro D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG) engadindo ao seu sentido de abstención ao voto, xa que se isto foi votado no anterior pleno co engadido da emenda formulada a pedimento do propio señor alcalde (apartado 4º) e non resultado ningún cambio á proposición xa debatida e rexeitada en votación, non é preciso volver a traela ao pleno xa que entende se produce un resultado*

*idéntico. Pido conste en acta que o BNG solicitou ao alcalde no pleno que deixara o asunto sobre a Mesa e desoíndoa someteuna igualmente a votación co resultado xa coñecido.-*

*Pola súa banda o señor alcalde don D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP) defendendo a proposición conforme ao debate e argumentación producida no último pleno celebrado en data 13/12/20012, incidindo en que non se pode estar pedindo informes continuamente aos técnicos de outras administracións como AUGAS DE GALICIA polo mesmo asunto, non se teñen permisos para ampliar a depuradora actual de PORTOS DE GALICIA, e namentres se sigue co problema na depuración de augas, propoñendo aos asistentes a visita á depuradora de Ribadeo para o seu exame xa que é similar á que se pretende construír e o compromiso do grupo de goberno é votar para resolver o asunto dun modo definitivo.-*

*Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta de acordo contida na proposición a votación ordinaria co resultado seguinte:*

- *votos favorables dous dos concelleiros/as do PP.-*
- *votos en contra catro, dous dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dous dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ.-*
- *abstencións unha do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:*

***DITAMINAR E PROPOÑER AO PLENO DESTA CONCELLO REXEITAR A PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA NOS TERMOS NOS QUE ESTÁ REDATADA”.-***

Seguidamente, o señor alcalde-presidente ordena entrar no debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:

O señor alcalde, trala exposición do resume da proposta e estado da tramitación do expediente, expón aos asistentes e informa, así mesmo, sobre a solicitude de intervención da **ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE FORXÁN**, formulada polo seu presidente don Manuel Rodríguez Maseda (R.E. de documentos do concello número 6542 de data 26/12/2012) rexeitando o señor alcalde a intervención neste foro, xa que o que se pretende e resolver polo Pleno o asunto, sen embargo brindaremos á asociación noutros foros como pode ser a Xunta de Portavoces a posibilidade de debater este tema xunto con outros veciños que se poidan ver afectados por esta instalación.-

O señor alcalde-presidente, feita a anterior aclaración, defende a proposta sobre a proposta mellor e máis valorada tecnicamente, apoiada polos técnicos que era a de Sarido, quedando claro na prensa e nos plenos a posición dos distintos grupos políticos e a situación de bloqueo. O representante do grupo socialista non lle pareceu mal e pareceu que houbo un cambio de rumbo, que quería consensuarla co seu grupo, pero na última comisión vimos que acadaba unha decisión que ao grupo de goberno non nos satisface. Pido se reconsiderere esta opción e non entendo o cambio na Comisión Informativa do PSOE. Pedimos o apoio do resto dos grupos e se levante a decisión de bloqueo absoluto. Pedimos a instalación da depuradora en Sarrido e a retirada da depuradora de Fazouro-

O portavoz do grupo municipal PSdeG-PSOE, **JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO**, intervéñ dicindo que non sería un impedimento sempre que se achegasen informes técnicos e se tivesen reunións coas Asociacións de Veciños. Non temos eses informes, non sabemos os custes e non tivemos reunións coas Asociacións de Veciños, sendo esto indispensable, isto non procede xa que trae a mesma proposta: votar algo sen informes técnicos que motiven e sen consenso non é posible pola nosa parte. Mantemos a



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

posición de voto en contra, sen prexuízo de pensar que aumentan os custos coa modificación de eliminar a depuradora de Fazouro.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifesta que lles alegra que queira facer reunións cos colectivos implicados, Fazouro, Forxán e Foz. O compromiso inmediato é que a EDAR actual de Foz non produza cheiros nin contamine. Se está na vida útil das depuradoras e parécenos unha aberración económica destinala para construír outra de catro millóns de euros e destruír aquelas que están na súa vida útil. Pódese mellorar a EDAR segundo os técnicos en curto prazo e a longo prazo xa falaremos, teremos que traballar noutras posturas distintas posiblemente. Existen outras solucións xa que vanno pagar os veciños no seu recibo unha vez mais a solución mais económica e mellorar a EDAR actual, solución económica e inmediata.

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, intervéñ dicindo que non vai reiterar os argumentos doutro pleno, xa lle dixemos ao señor alcalde que sacou esa proposta de forma sorprendente, unha proposta que non se estudiara que non se negociara. Este asunto está votado e agora volve outra vez a traelo co mesmo contido, xa está votado. Recórdame a alguén que traía as propostas unha e outra vez. Pode ser que lle saque rendibilidade política e que o faga exclusivamente por iso, xa que se quixera resolvelo xa estaría resolto a porposta dos grupos políticos era ampliar a actual EDAR e non quixo. Propostas claras dúas de ampliación da actual depuradora e de instalación da depuradora en Forxán que xa se debateron en pleno y comisións, acate esas propostas, así o din dous grupos políticos e o din os seus informes, informes dirixidos por vostede din que outorgan a Sarrido 26/40 puntos e Forxán 22/40 e a ampliación da depurador ade Foz 20/40 puntos ¿parécelle suficiente argumento?. Estamos a falar dunha opción case un millón de euros mais barato A súa saída é instalar a depuradora en Sarrido e esa é a intención súa. Non quixo deixar sobre a mesa o tema, eso o de non aceptar o que lle propoñían dous grupos políticos municipais de democracia ten pouco, sempre intentou provocar e moito non lle preocupa.-

O señor alcalde-presidente, **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, intervéñ dicíndolle ao portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG, Xan Carlos González Basanta, se vostede trouxo algo?. Vostede non trae nada, ningunha proposta. Nesa Xunta de Voceiros a oposición non quixo votar esa opción e era inviable a ampliación porque Portos de Galicia non deixaba.

Dirixíndose ao señor Val o alcalde manifestoulle que o que dicía antes cambiouno, tanto na prensa como as intervencións recollidas polo secretario na acta di o que estivo dicindo a prensa e cambia á súa conveniencia lendo paragrafos de noticias publicadas na prensa, tales como que o PSOE está de acordo co plantexamento e se pronunciará noutro pleno, creo que o entenderon os veciños todos. Lea a prensa e o entenderá.

Prosegue o señor alcalde manifestando que foi falar co Conselleiro sobre a posible solución de eliminar Fazouro. Se quere traio ao pleno informe que pide pero non vai valer de nada. Vostede, Val, cambia de criterio cada vez, primeiro informes, despois Forxán, agora xa non lle gusta, cambiase na acta e matiza intervencións. Está claro o único que propón é o PP xa que vostedes señor Cancio non propón nada. Vai a unha opción que é inviable por Portos de Galicia. Falei cos veciños que me chamaron, así de claro, pero vostede falou cos veciños de Foz cando puxeron a depuradora?. O alcalde amosa case 700 sinaturas de oposición presentadas no seu día á depuradora de Foz para

que esta fora instalada fora casco urbano. O que presenta o equipo de goberno todo hai que bloquear, non lles vale nada,

Rendemento político, a esta Corporación deberíanos dar vergoña, porque os que están sufrindo son os veciños e están saturados. Se queren imos visitar unha EDAR igual que a que se pretende que está en Ribadeo, moi parecida ou igual que se instalou para 30.000 habitantes equivalentes, porque creo que é un dos problemas que poderían ser solventados coa visita , polo menos ver esa situación.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, intervéñ dicindo que ás veces as formas son importantes, falar antes que pregoalo na prensa. Cada grupo ten unha opinión respectable e a responsabilidade é de todos. Vostede dí que imos visitar a de Ribadeo e a oposición dí, imos visitar a de Burela que a de Burela non ten problemas, está no porto e se pode ampliar, teremos que analizar a situación. Máximo respecto para todas as propostas dos grupos políticos, simplemente non nos poñemos de acordo. Non traia esto de novo ao pleno porque non hai variacións.-

O señor alcalde-presidente, **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, intervéñ dicíndolle ao portavoz do grupo municipal UNIFOZ, Xaime Cancio Rodríguez, que vostede fala de ampliar a actual EDAR cos problemas que iso conleva, cos vertidos, cos cheiros, dinllo os comerciantes, dinllo os veciños. Vostede quería quitala de ese lugar. Lea a prensa, pero como vexo que esta non é a idea que vostede ten e vexo que é porque o PSOE o pediu, visitar outras EDAR se queren para dar un paso mais, para ver se eso nos vale de algo.-

O portavoz do grupo municipal PSdeG-PSOE, **JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO**, intervéñ por alusións dicindo que o que se lle dixo é que o deixara sobre a mesa que nos parecía unha proposta aceptable sempre que trouxera informes e apoio dos veciños, esa é a realidade.-

O alcalde da lectura da acta da sesión anterior.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, intervéñ dicindo que pide responsabilidade, separar pluviais e non dividir veciños. Consenso e diálogo, vamos chegar a un consenso xa que tiña dúas opción pero non ten interese en resolvelo, mire os puntos diferencias das alternativas que se propoñen. A solución nosa e o dí o concelleiro señor Agustín Hernandez e a de separación de pluviais que conste que cero para o grupo de goberno.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor cinco dos concelleiros/as do grupo municipal do PP
- Votos en contra oito, catro dos concelleiros/as do grupo municipal PSdeG-PSOE, tres dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ, e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-

**QUEDANDO POLO TANTO REXEITADA A PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA NOS TERMOS NOS QUE ESTÁ REDATADA.**

#### **7.- ASUNTOS QUE POIDAN SER DECLARADOS DE URXENCIA.-**

O grupo municipal MIXTO-BNG, a través do seu portavoz, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, presenta unha moción que, trala oportuna declaración de urxencia acadada



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

por maioría dos oito votos favorables dos señores/as concelleiros/as dos grupos **PSdeG-PSOE, UNIFOZ e MIXTO-BNG**, e os cinco votos en contra dos señores/as concelleiros/as do grupo **PP**, ningunha abstención, xa que logo, acadada a maioría absoluta de votos favorables, ao abeiro do establecido no artigo 91.4 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación ao que se establece no artigo 138 do mesmo corpo regulamentario, étrase no despacho da seguinte:

**MOCIÓN DE URXENCIA PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA E O FINANCIAMENTO EXISTENTE NA ACTUALIDADE**, que no seu literal indica:

*”O servizo de Telesistencia Domiciliaria comezou a funcionar en 1992 como recurso para permitir ás persoas maiores a permanecer no seu medio habitual de vida e manter o contacto co seu entorno familiar e social para mellorar o seu benestar evitando o seu desarraigo e asegurando a intervención inmediata de especialistas ante crises persoais, sociais ou sanitarias. Ante unha situación de risco os usuarios e usuarias da Telesistencia Domiciliaria, premendo un botón que levan pendurado nunha pulseira ou nun colar, entran en contacto directo cun centro de atención continuada e especializada dispoñible as 24 horas do día todos os días do ano que mobiliza os recursos precisos para resolver a emerxencia aparecida.*

*O acceso sinxelo a un centro de atención, a intervención rápida en caso de crise, o contacto directo e permanente con especialistas, a mellora sobre o coidado da súa saúde e o seu benestar xeral, o incremento da seguridade e da tranquilidade, así como a redución da ansiedade e da preocupación, son algunhas das vantaxes da Telesistencia Domiciliaria.*

*A provincia de Lugo rexistra un dos índices de avellentamento máis altos do Estado, do que non se escapa o Concello de Foz; poren esta situación tamén deixan en evidencia a necesidade de que dende as administracións públicas se aproben e reforcen políticas referidas a servizos dedicados ao coidado e protección dos nosos maiores, como é o servizo de Telesistencia Domiciliaria.*

*Na actualidade, 1537 lucenses son atendidos pola Telesistencia Domiciliaria, dos cales 26 pertencen ao Concello de Foz. A maioría dos beneficiarios deste servizo na provincia son mulleres, concretamente 1269, das que 939 viven soas e das que 815 son viúvas, e no 76,68% dos casos superan os 80 anos. Constitúen un grupo cunhas características moi determinadas que precisa dunhas atencións e duns coidados especiais dada a súa vulnerabilidade e fragilidade; trátase de persoas non dependentes que a priori están excluídas da Lei de Dependencia e que sen este servizo quedarían totalmente desprotexidas.*

*Máis alá da valoración positiva que os usuarios e usuarias fan da Telesistencia Domiciliaria, os datos ofrecidos pola súa xerencia avalan, tamén, a súa importancia e necesidade. Na nosa provincia, no ano 2011, a Telesistencia Domiciliaria resolveu 780 emerxencias socio-sanitarias coa mobilización de recursos públicos como o 061 ou 112 e recursos familiares e a central recibiu 34298 chamadas dos usuarios e usuarias e realizou 63027 para corroborar que todo era correcto. Sen este servizo moitas desas situacións terían trágicas consecuencias.*

*Dados os beneficios recoñecidos polos usuarios e usuarias, familias e especialistas do eido de servizos sociais e medicina, é importante garantir a permanencia da súa prestación, polo que non entendemos a decisión do Ministerio de Sanidade, Servizos*

*Sociais e Igualdade, de retirar a partida orzamentaria que, a través do IMSERSO, se dedicaba a cofinanciar nun 65 por cento este servizo, sendo o 35 por cento restante asumido pola deputacións provinciais. A decisión do Goberno do Estado de suprimir dita aportación é aínda máis incomprensible se se ten en conta o custe económico da Teleasistencia Domiciliaria cando o seu prezo é de 21,62 euros ao mes por usuario ou usuaria. A xustificación ofrecida polo Ministerio deixa claro que se trata dunha decisión arbitraria baseada en criterios subxectivos, porque non se atopa por ningures o "criterio de racionalización e de eficacia administrativa na distribución do orzamento" do que se fala dende o Goberno do Estado.*

*A Deputación Provincial de Lugo asumindo a necesidade de mantemento deste servizo remitiu unha proposta de acordo aos concellos da provincia para o financiamento do servizo, no que incrementa a dotación orzamentaria destinada polo ente provincial do 35% ao 50% e propón aos concello que asuman o 50% restante, esta iniciativa logrou a permanencia do servizo e que todos os concellos da comarca mariñá asinaran esta proposta e só catro da provincia renunciaran, aínda supoñendo un esforzo económico para os concellos, inexistente ata o momento.*

*Esta solución non fai renunciar ao BNG a esixir do goberno do estado ao cumprimento das súas obrigas rectificando a decisión de retirar o financiamento existente ata agora para este servizo, igualmente de non producirse esta rectificación ínstase á Xunta de Galicia a que as asuma como propias.*

*Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*1.-Instar ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a rectificar o seu posicionamento, e no caso de que non estea disposto, instar á Xunta de Galicia a que nos Orzamentos Xerais da Comunidade para 2013, habilite unha partida para este fin, facéndose cargo así das responsabilidades que o Executivo central se nega a asumir.*

*2.-Dar traslado do acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento Galego e en no Congreso dos Deputados”.*

Seguidamente, o señor alcalde-presidente ordena entrar no debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, defende a moción presentada dicindo que é urxente porque o 1º de xaneiro retiran a axuda para este servizo.-

O Voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, **JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO**, intervéen dicindo que votarán a favor.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifesta que votarán a favor porque consideran que é urxente coa finalidade de que as persoas non queden sen servizo considerado esencial.-

O alcalde-presidente, **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, manifestando que este asunto xa se debateu na Deputación Provincial de Lugo na que se acadou acordo unánime para asumilo co financiamento do 50% a cargo da deputación e o 50% restante a cargo dos concellos. Podía dar máis cartos a deputación pero en lugar diso dedícase a facer pistas de andadura en Valadouro, ademais eu estou en contra de que os concellos financien este servizo e, sen embargo, vou votar a favor. Os concello non teñen porque asumir



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

este custe, nin financiar nada que non sexa competencia propia e hai moitas cousas mais prioritarias.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete a votación ordinaria a Moción anteriormente transcrita, que en votación ordinaria é **aprobada por unanimidade** dos trece señores/as concelleiros/as asistentes, deste xeito queda proclamado o seguinte ACORDO:

**PRESTAR APROBACIÓN Á MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO O GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG, A TRAVÉS DO SEU PORTAVOZ XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA, EN RELACIÓN AO MANTEMENTO DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA E O FINANCIAMENTO EXISTENTE NA ACTUALIDADE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.**

### **8.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Na quenda de **ROGOS**, formúlanse os seguintes:

#### **GRUPO MUNICIPAL PS de G-PSOE**

##### **D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO**

- 1.- En relación ás obras de canalización en Marzán, que van desde a gasoleira ata a fonte de Marzán, reclamarlle á empresa a reposición da calzada polo estado lamentable no que a deixaron.-
- 2.- Respecto da Ponte de Vilaxoane mirar de arranxar aquilo que está valado para o correcto paso e utilización.-
- 3.- As papeleras rotas que están instaladas na vía pública que se repoñan, hai unha no Campo de Fútbol de Malates, e no paseo de Llás hai varias, que se recollan esas papeleras e se repoñan os desperfectos.-

#### **GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ**

##### **D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**

- 1.- Respecto do mantemento do Asilo de Anciáns, que se faga do mesmo xeito que se facía antes. Que se siga facendo.-
- 2.- Que se instalen sinais de limitación de velocidade en catro rúas en Marzán .-
- 3.- Rogo se modifique a resolución da alcaldía respecto do reparto da produtividade dos empregados do concello, xa que UNIFOZ foi o único que votou a favor daquela proposta xunto ao equipo de goberno, proposta pactada coa representación dos traballadores, sorprende o reparto efectuado e non nos parece o mais axeitado a elección do criterio de estar ou non de baixa, o criterio en función de proporcionalidade de xornada completa ou xornada parcial e, concretamente neste punto, no que se atribúe a un funcionario que non estaba a xornada completa ou parcial, é dicir, dun funcionario que sae beneficiado deste criterio de reparto e estaba en acumulación de tarefas, non me parece xusto. Non estamos de acordo neste reparto e imos tomar, referíndose a UNIFOZ, este motivo para futuras decisións-

#### **GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG**

**D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**

1.- Achañar o aparcadoiro da rúa do Castro, tras *Alimerka*, que se encontra o terreo de forma irregular .-

2.- De forma irónica páselle o cortacesped, ou acondicionen de maleza algunha das rúas do concello que presentan deficiencias, por exemplo a rúa Paco Maañón, entre outras.-

Na quenda de **PREGUNTAS**, fórmulanse as seguintes:

**D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (GRUPO MUNICIPAL PS de G-PSOE)**

1.- ¿En qué situación está o roupeiro municipal, segue pechado, ten pensado abrir?.-

Contesta o alcalde-presidente **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA** que está pendente da cesión do local de Costas, está aprobada, só esta pendente de sinatura, así o falei co responsable do Ministerio, concretamente con Ramón Carballo. Implementarémolo cos voluntarios e a primeiros de xaneiro estará en funcionamento.-

2.- Polo que atinxe a un rogo que fixemos hai dous meses, en relación á petición de arranxar unha serie de medidas do Colexio nº 1 respecto de portas e ventás deterioradas ¿Fíxose algo para atender esas peticións?.

Contesta o alcalde-presidente **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, que se trasladou ao servizo de obras e fixéronse arranxos, estes de conformidade co bedel e co visto e prace da directora, en principio está solucionado.-

**D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ)**

1.- ¿Cando se vai cubrir a praza de Axuda no Fogar? Porque nos sorprende a lentitude da súa tramitación tendo en conta que son especialistas en convocar prazas en tres días.-

Contesta o alcalde-presidente **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA** estiveron publicadas se sacaron as bases, rematou o prazo de convocatoria e publicarase a listaxe de admitidos para seguir co procedemento de selección.-

2.-¿Chegou o estudio de Portos respecto dese proxecto de viabilidade do *MEGAPUERTO*?

Contesta o alcalde-presidente **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA** que non existe tal, que é un estudio de viabilidade da solución hidrodinámica, pero ao concello non chegou. Está pedido ao director de Portos que vai vir aquí a Foz en breve, quizais na semana que ven.-

**D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG)**

1.- Sobre as axudas nominativas a Clubs ¿van tardar moito en darse? Xa que teñen gastos que soportar e necesitan para pagar a provedores.

Contesta o alcalde-presidente **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA** que hoxe vai á Xunta de Goberno Local para resolver e, unha vez asinados os convenios, xustificarán e pagaranse as axudas correspondentes.-





## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

2.- ¿Cales foron os criterios de reparto da produtividade a traballadores do concello? Ou mais ben, ¿respectáronse os criterios que había aprobados? xa que existe bastante descontento. Revise o reparto por asistencia.-

Contesta o alcalde-presidente **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA** que os criterios obxectivos é practicamente imposible axustalos, son a criterio dos xefes de área e responsabilidade de persoal, os criterios que se seguiron foron: o cincuenta por cento a funcionarios e cincuenta por cento a laborais, despois o cincuenta por cento en función da asistencia, e outro cincuenta por cento en función dos méritos, e os méritos son todos eses que están establecidos no convenio. Non vexo xusto o reparto, de a todos por igual, como se facía anteriormente, xa que hai xente que ten mais méritos que outras, e este é o método empregado para primar eses méritos. É probable que alguén se poida sentir mellor ou peor valorado, pero seguimos eses criterios, tamén é posible que exista algún erro, pero estamos abertos a corríxilo se fose así, se ben foi valorado polos distintos concelleiros responsables de área, seguindo os criterios establecidos. Precisamente a aplicación do reparto por asistencia nosoutros non o tocamos.-

3.- A pregunta é sobre os orzamentos, acabase de aprobar os orzamentos de 2013 en consello da Xunta e quería lle preguntar se ¿sabe de canto están orzamentados para destinar á residencia e centro de día de Foz, cantos para o dragado do Porto e se hai algo para a ampliación da escola infantil?

Contesta o alcalde-presidente **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA** que: de momento non sei nada, eu sei dos compromisos que teñen os responsables de cada Consellería. Que haxa partidas con crédito para eses temas en concreto non o sei. Para o dragado concretamente había, a verdade é que se está demorando moito, pero esperemos que saia e se cumpran eses compromisos. Respecto do proxecto de residencia non sae en menos de seis meses, xa que ten que licitarse, redatarse etc. e o resto pode ser unha partida para movemento de terras.-

Concluído o anterior, ás vinte e dúas horas e quince minutos non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde - presidente levanta a sesión, desexando felices festas a todos, no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, certifico.-

**O alcalde,**

**O secretario,**

**JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**

**VICENTE PASTOR MARTÍNEZ**